

ADENDA A PROGRAMACIÓN DE FÍSICA E QUÍMICA CURSO 2021-2022.

Atendendo a orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Deberemos modificar a programación da materia, nos seguintes termos.

No punto 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. Da programación da materia de física é química pasarán a ser:

Criterios de cualificación para as probas escritas:

Nas probas escritas aplicaranse os seguintes criterios de puntuación:

- Naquelas preguntas que conleven operacións matemáticas e nas que o alumno non chega ó resultado correcto pero o procedemento é correcto cuantificarase como máximo o 75% do valor da pregunta.
- Por cada falta de unidades nos números que se presenten restarase $\frac{1}{4}$ do valor da pregunta.
- Se o alumno non realizara algunha proba sen causa xustificada a proba se considerará suspensa cun 0.
- A realización fraudulenta dunha proba escrita (copiar, “chuletas”, “cambiazos”,...) conlevará unha cualificación de 0 en dita proba.

Criterios de cualificación para cada avaliación

- A nota de cada avaliación calcularase ponderando do modo seguinte:
 - Probas escritas: 80%.
 - Traballos e ou laboratorio 10 %
 - Participacion na clase e actitude positiva (inclue caderno): 10%.

Probas escritas: onde se intentará comprobar se o alumno acadou os obxectivos programados e superou os criterios de avaliación segundo os criterios vistos anteriormente.

No caso de haber máis dunha proba escrita por avaliación se fará a media entre estas probas. Se ben, habendo máis dunha proba por avaliación e se existise unha notable diferenza entre a cantidade de materia que entra en cada unha destas probas o profesor ponderará, avisando previamente aos alumnos, cal é o valor ou peso respecto a cualificación da avaliación que ten cada unha destas probas.

Traballo: a cualificación correspondente ao traballo formarase coas notas de traballos encomendados ó alumnado onde valorarase o contido, a forma de presentación, a puntualidade na entrega...

Actitude: Para valorar a actitude positiva cara a asignatura, teranse en conta factores tales como:

- a) Disponibilidade do material de traballo.
- b) Responsabilidade e constancia nas tarefas.
- c) Interese pola asignatura.
- d) Asistencia.
- e) Participación activa e positiva.
- f) Respecto ao profesor e demais compañeiros.

Nota da avaliación:

A nota media das probas escritas, ponderará o oitenta por cento da nota da avaliación.

A dita nota teremos que sumarlle ata dous puntos, que serán o resultado da valoración do traballo, que o alumnado presente ven a través do correo electrónico, ou entrega en man (de 0 a 1 punto); asemade a puntuación da actitude do alumno/a o longo de cada avaliación, valorarase entre 0 e 1 pto.

O alumnado que supere a avaliación deberá de sumar un total de 5 puntos, no caso de non ser así, avaliarase esa avaliación como suspensa.

Criterios para o curso completo

Logo de completar a terceira avaliación, con data de 6 de xuño, e ter as notas finais das tres avaliacións. Poderanse dar os seguintes casos, de cara o período final de avaliación que terá lugar despois do día 23 de xuño.

- a) O alumnado que superará as tres avaliacións, obterá unha nota que será a media aritmética das mesmas. Poderán aumentar o valor de dita nota logo do período comprendido entre o 6 de xuño e o 23, con traballos ou probas escritas derivadas das actividades de ampliación.
- b) O alumnado que tendo algunha avaliación con nota inferior a cinco, a media aritmética dalle un valor igual ou superior o 4,5. Terá **superada** a materia, e a súa nota será o valor da media, que poderá redondear, aumentando a súa nota, con traballos ou probas escritas, a partir das actividades de ampliación.
- c) O alumnado que teña dúas ou tres avaliación suspensas, realizará no período de curso que abrangue, dende o 6 de xuño ata o 23, actividades de reforzo, apoio e recuperación. Debendo facer unha proba escrita na que terá que obter un valor numérico de 5 ou superior para aprobar a materia.

O alumnado que non supere a materia será avaliado negativamente, e consecuentemente constará como pendente para o curso seguinte, sempre que promocionara.

O alumnado que acade a promoción de curso ca materia de física e química sen superar deberá seguir un plan de reforzo, destinado á súa recuperación e á súa superación. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.